

XUNTA DE GALICIA **Saída 1797951 / RX 2204183**
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 15/12/2021 10:57:51



(Pontevedra)

Asunto: Solicitud de información pública sobre estadística de detencions, xuízos e sentenzas firmes relacionada con temas de narcotráfico

El 03.12.2021 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (nº rexistro entrada 2021/2858609), que foi remitida a esta Dirección Xeral de Xustiza, relativa a **que se informe sobre a cantidade de detencions, xuízos e sentenzas firmes relacionada con temas de narcotráfico.**

De acordo coa letra d) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, inadmitiranse a trámite as solicitudes de acceso á información pública dirixidas a un órgano en cuxo poder non obre a información.

Unha vez analizada a solicitude, esta Dirección Xeral de Xustiza considera que a información sobre cantidade de detencions, e mais de xuízos e sentenzas en materia de narcotráfico, non consta no ámbito das competencias que xestiona este centro directivo da Administración autonómica da Xunta de Galicia, senón que se refire a información relativa a actuacións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (Ministerio do Interior) e de estadística xudicial, competencia, de ser o caso, dos órganos xudiciais e do Consello Xeral do Poder Xudicial, non pertencendo á Xunta de Galicia.

En consecuencia, con fundamento no disposto na letra d) no artigo 18.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, inadmítese o acceso á información pública solicitada.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado ou tribunal competente, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarse desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 217
xustiza@xunta.gal